



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE FEBREIRO 2007



1.- Resumo

Mes chuvioso e con temperaturas moi suaves en xeral, nomeadamente no caso das temperaturas nocturnas.

O mes de febreiro caracterizouse pola presenza de baixas presións no Atlántico que deixaron en Galicia un continuo paso de fronte de chuvia, con ventos do sudoeste, o que lle deu a este mes as características de tempo húmido e temperado. Soamente os primeiros 4 días do mes rexistrouse un tempo estable e anticiclónico, sen chuvia e con temperaturas nocturnas baixas. A partir do día 5, coa chegada da primeira fronte procedente do Atlántico, tódolos días do mes rexistrouse chuvia, en maior ou menor cantidade, agás na xornada do 26. Os días de maior cantidade de chuvia coincidiron co paso das fronte máis activas, concretamente as xornadas do 11,13,15 e 23, mentres que as xornadas que quedaban entre o paso destas sucesivas fronte as chuvias eran de menor intensidade, aínda que o tempo continuara dominado pola alta humidade a as temperaturas suaves.

Precipitación: O mes de Febreiro pódese considerar húmido ou moi húmido en toda Galicia, debido á persistencia das chuvias a partir da segunda semana do mes. Soamente na zona das Rías Baixas pódense considerar estas chuvias como normais, con cantidades cercas os 200 l/m².

Temperaturas: En canto ás temperaturas compre destacar as altas temperaturas mínimas medias rexistradas en toda Galicia. Así, agás nos primeiros 4 días do mes non se rexistraron xeadas en toda Galicia. As temperaturas mínimas medias deste febreiro do 2007 atópanse en xeral entre 1 e 3°C por riba da media dos 30 anos anteriores. Isto é debido á presenza de moitas madrugadas cos ceos cubertos e chuvias o que dificulta o descenso dos termómetros. A este factor debemos engadirlle o feito de que a persistencia de ventos do sudoeste trouxo unha masa de aire Atlántico moi húmida pero moi temperada para esta época do ano a Galicia. Este efecto non é tan claro no tocante ás temperaturas máximas, que en moitos puntos se presentan como normais debido a que en moitas xornadas a presenza de nubes durante o día non favorecía a subida dos termómetros.

2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	FEBREIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	12.2	11.0	13.5 (1990)	9.3 (1981/83)
T ^a mínima media	9.2	8.1	11 (1990)	6.1 (1981)
T ^a minima absoluta	4.2 (día 3)	0.2 (15/02/1983)		
T ^a máxima media	14.8	13.8	16.7 (1998)	12 (1983)
T ^a máxima absoluta	17.5 (día 16)	24.6 (27/2/1997)		
Precipitación acumulada	182	80-104	250 (1979)	17.8 (1993)

Comentario:

Temperaturas en torno a 1 °C superiores aos valores medios agardados
A chuva acumulada foi bastante superior ao agardado; o mes pode considerarse
húmido



SANTIAGO

	FEBREIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.3	9.6	11.8 (1998)	7.4 (1983)
Tª mínima media	7.3	5.5	9.0 (1990)	3.5 (1984)
Tª mínima absoluta	3.2 (día 2)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª máxima media	13.0	13.7	17.6 (1998)	10.5 (1983)
Tª máxima absoluta	15.3 (día 16)	22.8 (22/02/1990)		
Precipitación acumulada	246	153-199	346 (1986)	14 (2004)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das mínimas, preto de dous graos superiores ao agardado

A chuva acumulada foi moi superior ao valor agardado; o mes pode considerarse moi húmido.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

LUGO

	FEBREIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.2	7.5	10.7 (1990)	3.4 (1981)
Tª mínima media	3.8	3.3	7.5 (1990)	-1.1 (1981)
Tª mínima absoluta	-3.1 (día 2)	-9 (17/02/1983)		
Tª máxima media	12.5	11.6	16.1 (1998)	8 (1981)
Tª máxima absoluta	18.3 (día 16)	23 (27/02/1997)		
Precipitación acumulada	111	98.2	275 (1979)	20 (2004)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das máximas, preto de 1 °C por riba do agardado

A chuva acumulada superou lixeiramente o rango de valores normais neste mes. O mes entra dentro da categoría de húmido



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.3	10.1	12.8 (1990)	8.5 (1983)
Tª mínima media	7.6	5.4	9.7 (1990)	3.4 (1981 y 1989)
Tª mínima absoluta	1.5 (día 2)	-2.8 (12/02/1978)		
Tª máxima media	14.8	14.8	18.2 (1998)	12.5 (1983)
Tª máxima absoluta	17.1 (día 16)	23.5 (14/02/1998)		
Precipitación acumulada	173	142-187	526 (1979)	10.9 (2004)

Comentario:

As temperaturas mínimas fóron 2.5 °C superiores aos valores agardados, mentras que as máximas estiveron na media. Como consecuencia a temperatura media do mes foi 1.2 °C superior ao valor medio

A chuvia acumulada entra dentro do rango normal de valores agardado.

OURENSE

	FEBREIRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.4	9.3	14.8 (1997)	8.5 (1975)
Tª mínima media	6.0	3.7	8.0 (1990)	0.7 (1992/93)
Tª mínima absoluta	0.4 (día 2)	-5.2 (12/02/1978)		
Tª máxima media	14.3	14.8	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	17.6 (día 11)	24.8 (25/02/2000)		
Precipitación acumulada	146	50-69	212 (1978)	10 (2004)

Comentario:

As temperaturas mínimas fóron 2.5 °C superiores aos valores agardados, mentras que as máximas fóron lixeiramente inferiores ao valor agardado. Como consecuencia a temperatura media do mes foi 1.1 °C superior ao valor medio


A chuvia acumulada é moi superior ao valor agardado. O mes pode considerarse moi húmido



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión en superficie.
Mes de Febreiro 2007






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Febreiro 2007






3.3.- Temperatura media das máximas



www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

